FINAL GALEGA DE NADA E CORRE 2026

REGULAMENTO

- **Organiza**

Club Natación Riveira
Federación Galega de Triatlón e Pentatlón Moderno

- **Colabora**

Concello de Ribeira
Secretaría Xeral para o Deporte
Protección Civil de Ribeira
Deputación da Coruña

- **Data, hora e lugar**

Domingo 13 de Decembro do 2026 a partir das 9:30.
Complexo Deportivo Municipal A Fieiteira. Ribeira.
. Natación na piscina "María Vilas"
. Carreira a pé na pista de atletismo "Ana Peleteiro"

- **Secretaría da competición**

Entrada principal do complexo deportivo.

- **Participantes**

Participarán os clasificados e clasificadas en cada proba zonal.
Para poder participar na Final Galega será obrigatorio estar en posesión da licenza federativa anual de Triatlón ou Pentatlón Moderno, en vigor ao remate do prazo de inscrición.
Para participar na categoría inclusiva non é necesaria a clasificación previa.

- **Recollida de dorsais e acreditacións**

Os dorsais serán entregados ao/á adestrador/a responsable de cada club.
Entregaranse na Secretaría da competición de 8:30 a 9:15 o día da proba.
A comunicación de non presentados farase no momento da recollida de dorsais.

- **Clasificación individual**

A clasificación realizarase coa suma de tempos de natación e carreira de cada participante. Resultando vencedor o que menos tempo sume.
Recibirán medalla/trofeo os tres primeiros clasificados de cada categoría, masculino e feminino e as persoas participantes en categoría inclusiva

- **Clasificación xeral por equipos**

A Clasificación por equipos sairá da disputa dunha remuda mixta, no que poderá participar calquera club que teña ao menos un deportista masculino e unha deportista feminina de calquera das categoría incluídas no relevo, clasificados para a Final Galega

1. Cada Club presentará un relevo de 6 participantes, 3 masculinos e 3 femininas das categorías establecidas
2. A orde de relevistas será a seguinte:

1º Alevín Feminino 2º Alevín Masculino
3º Infantil Feminino 4º Infantil Masculino
5º Cadete Feminino 6º Cadete Masculino

- **Horarios**

Quecemento da natación a partir das 8:30
Quecemento da carreira a pé a partir das 11:30

CATEGORÍA	ANOS	NATACIÓN	HORA**	CARREIRA	HORA**
PREBENXAMÍN	2019-2020	25m	9:30	200m	12:00
BENXAMÍN	2017-2018	50m	9:45	400m	12:15
ALEVÍN	2015-2016	100m	10:00	800m	12:30
INFANTIL	2013-2014	200m	10:15	1200m	12:45
CADETE	2011-2012	300m	10:30	1600m	13:00
REMUDAS MIXTAS	2Alv+2Inf+2Cad	6x50m	10:45	6x400m	13:15

Entrega de premios aproximadamente as 14:00
** os horarios son aproximados, poden xurdir variacións polo desenvolvemento da propia competición.

- **Inscricións**

Apertura de inscricións o luns 23 de novembro as 10:00
Peche de inscricións o luns 7 de Decembro as 23:59

Para poder validar a inscripción na proba, será obligatoria a introducción dos tempos de natación, na distancia correspondente, para a elaboración das series (formato 0000 – minutos e segundos seguidos)

Formalizaranse a través da páxina web www.fegatri.org, dentro do apartado https://fegatri.org/inscricions/, accedendo á proba de referencia e cubrindo os datos solicitados en cada caso.

- **Técnico/a responsable**

Cada club deberá designar una persoa técnica/delegada, con licenza federativa que será o/a responsable do Club fronte a calquera incidencia da competición. A inscrición realizarase a través da plataforma de inscricións, no apartado de acreditacións.

- **Comunicación de baixas e política de devolucións**

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 16:00 do mércores anterior a proba. As baixas non comunicadas en prazo terán a penalización vixente para probas gratuítas de menores, de 5 € por deportista, que serán facturados ao club, ao final de cada tempada.
Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.
No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.
A lista definitiva de persoas inscritas publicarase na páxina web da FEGATRI o xoves anterior a proba as 14:00.

- **Cronometraxe**

A cronometraxe será manual tanto nas probas de natación coma na de carreira a pé.

- **Premios**

Recibirán medallas/trofeos os 3 primeiros clasificados individuais por categoría e sexo, además do podio inclusivo de cada categoría.
Recibirán medallas/trofeos os 3 primeiros clubes clasificados.

- **Servizos médicos e seguros deportivos**

As persoas participantes contarán co correspondente seguro deportivo.
https://fegatri.org/wp-content/uploads/2025/03/Protocolo-FEGATRI-Jhasa-ULTIMO.pdf

- **Normas de competición**

Rexerase segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI 2023-10-24
https://fegatri.org/wp-content/uploads/2025/12/regulamento-Nada-e-corre-2026-asemblea-19-dec.pdf

- **Reclamacións e apelacións**

Segundo o procedemento de reclamación/apelación probas FEGATRI
https://fegatri.org/wp-content/uploads/2024/02/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf

- **Normas xerais**

A proba rexerase polas normas de competición FEGATRI

A competición consistirá de duas probas, nadar e correr.

A natación efectuarase en series según os tempos de natación facilitados no momento da inscrición, por categoría e sexo.

As carreiras a pé serán separadas por categoría e sexo.

Estará prohibido o uso de zapatillas con cravos nestas probas.

A clasificación final será o resultado da suma dos tempos de natación e carreira, sendo o primeiro clasificado o que obtén o menor tempo total e así sucesivamente.

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense a cumplilos. Así mesmo, manifestan ser respetuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

No incumplimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización, xuíces ou oficiais para que sexa motivo de amonestación ou descalificación.

Todos os aspectos non recollidos nestas normas serán consultados coa FEGATRI: www.fegatri.org para a súa resolución a través do órgano federativo competente.

A organización reservase o dereito a facer modificacións, comunicándoo previamente aos interesados, de calquer aspecto do presente regulamento co único obxetivo de mellorar o desenvolvemento do evento.